


# Galicia sofre ao día sete desafiuzamentos, o 60% deles por impago do aluguer



Miguel Pardo | [@depunteirolo](#)

As execucións hipotecarias descenderon en todas as comunidades autónomas do Estado no primeiro trimestre deste ano agás en dúas: Andalucía e Galicia. O país ve, xa que logo, como **seguen aumentando os embargos de inmobles para a súa venda tras o impago dunha hipoteca**. Un novo dato que desmente a suposta recuperación. Un drama e un evidente problema económico que non equivale sempre ao desafiuzamento dos seus propietarios, aínda que si é sempre o paso previo a esa posibilidade. Pero o caso é que tampouco os lanzamentos descenderon.

Foron máis de sete os desafiuzamentos que de media se produciron cada día en Galicia durante o primeiro trimestre de 2015, segundo os datos facilitados polo Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX). Un total de 667, o que supón un lixeiro aumento do 0,16% respecto ao mesmo trimestre de hai un ano e 28 menos que o cuarto trimestre de 2014.

En Galicia, **o 60% destes lanzamentos derivouse de procedementos regulados na Lei de Arrendamentos Urbano (LAU)**; o 31 % de execucións hipotecarias e o 9% restante obedeceu a outras causas. Os lanzamentos consecuencia da LAU -e polo tanto da falta de pagamento de alugueres- diminuíron un 5 % en termos interanuais, ao igual que os derivados de execucións hipotecarias, segundo o estudo [Efectos da crise económica nos órganos xudiciais](#) que se fixo público este venres.

As execucións hipotecarias, xa que logo, aumentaron un 3,3% en Galicia fronte ao descenso do 16,6% no conxunto do Estado. Foron 533 as que se levaron a cabo no país no primeiro trimestre deste ano, 17 máis que no mesmo período do exercicio pasado e cen menos que no último trimestre de 2014.

## Os lanzamentos increméntanse no Estado

En canto aos datos a nivel estatal, o informe do CXPX reflicte que, entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo deste ano, o número de lanzamentos practicados en España -que afectan a

distintos tipos de inmobles, non só a vivendas e, no caso destas, non só a vivenda habitual- foi de 18.869, o que supón un incremento do 2,1 % respecto dos 18.485 do mesmo período de 2014.

No primeiro trimestre de 2015 **iniciáronse 20.201 execucións hipotecarias, o que supón unha diminución do 16,6 %** respecto das 24.226 rexistradas no mesmo período do ano pasado, segundo o estudo, que lembra que estas execucións hipotecarias son os procedementos tramitados nos xulgados de primeira instancia que permiten esixir o pago das débedas garantidas por peza ou hipoteca ao acredor con escritura de hipoteca ao seu favor debidamente inscrita no Rexistro da Propiedade.

O informe revela que o número de procedementos deste tipo baixou no primeiro trimestre do ano en todas as comunidades autónomas excepto en dúas: Andalucía, onde subiu un 8,6 %, e o caso xa comentado de Galicia, onde aumentaron un 3,3 %. Fóra destes territorios, só a provincia de Segovia experimentou un incremento das execucións hipotecarias.

Os 4.990 procedementos iniciados en Andalucía no período estudado supoñen o 24,7 % do total; seguidos polos 4.085 de Cataluña e os 3.289 da Comunitat Valenciana. En conxunto, estas tres autonomías suman o 61,2 % das execucións hipotecarias presentadas no primeiro trimestre do ano en toda España.

En canto ao número de lanzamentos practicados no Estado -que afectan a distintos tipos de inmobles, non só a vivendas e, no caso destas, non só a vivenda habitual- foi de 18.869, o que supón un incremento do 2,1 % respecto dos 18.485 do mesmo período de 2014. **Case un de cada catro lanzamentos practicados no primeiro trimestre do ano produciuse en Cataluña**, que con 4.420 sumou o 23,4 % do total. Séguenlle Andalucía, con 2.857 (15,1 %); a Comunitat Valenciana, con 2.793 (14,8 %); e Madrid, con 2.253 (11,9 %).

Atendendo só aos lanzamentos derivados da LAU, é tamén Cataluña a que representa a maior porcentaxe sobre o total nacional (o 27,4 %); mentres que a Comunitat Valenciana ocupa o primeiro lugar respecto dos que son consecuencia de execucións hipotecarias, co 20,6 % do total.

**COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.**

**OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:**

Venres 11, Decembro 2015 | [Economía](#)

**[En 2015 houbo cada día 5 execucións hipotecarias e case 7 lanzamentos en Galicia](#)**

# As PAH galegas piden no Parlamento medidas urxentes para asegurar o dereito á vivenda

**PRAZA DO CONCELLO 3** Luns 15, Xuño 2015 | [Movementos sociais](#)

## Deberes urxentes para os novos gobernos municipais: vivenda e loita contra a pobreza